



NOTICIAS

CULTURA Lugo, 3 de marzo de 2011

Antón Bao recibiu a Cesáreo Sánchez e Antonio Reigosa no pazo de San Marcos, onde faláron das propostas de colaboración da Área de Cultura coa AELG

A Área de Cultura ten colaborado coa AELG en proxectos que tiñan como obxectivos o coñecemento da literatura galega no exterior, a recuperación e posta en valor da literatura de tradición oral, así como do léxico patrimonial, ou a creación de espazos para a animación á creación literaria e á lectura



O vicepresidente da Deputación, o nacionalista Antón Bao, recibiu esta tarde no seu despacho do pazo de San Marcos a Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Antonio Reigosa, vogal de dita asociación, coa que a Área de Cultura da Deputación colabora dende o ano 2007. Na reunión que mantiveron, o vicepresidente da Deputación e os dous representantes da AELG faláron sobre as propostas de colaboración que se plantexan para o vindeiro ano. Até o de agora, as actividades desenvolvidas tiveron por obxectivos, entre outros, o coñecemento da literatura galega no exterior, a través de congresos e da dotación de contidos da web da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a recuperación e posta en valor da súa literatura de tradición oral, así como do léxico patrimonial, a creación de espazos para a animación á creación literaria e á lectura, etc.

A colaboración entre a Área de Cultura da Deputación e a AELG comezou no ano 2007, cando a primeira apoiou á AELG no financiamento da XXIV edición do encontro "Galeusca" de escritores/as galegos, cataláns e vascos. O acto celebrouse na cidade de Lugo e na vila de Mondoñedo, e foi a primeira dunha lista de diversas colaboracións entre as que se atoparon obradoiros de creación literaria, concibidos como unha oportunidade de achegar á mocidade os nosos autores e autoras e a súa obra, que tiveron como protagonistas a Xosé Miranda, Paco Rivas e Jaureguizar. Tamén se desenvolveron xornadas de Literatura de Tradición Oral, que pretenderon darlle a importancia que merece a esta parte fundamental da literatura. Organizáronse tres edicións, "A figura do demo na literatura de tradición oral", "O mito que fascina. Do lobo ao lobishome" e "Mitoloxía da morte. Agoiros, ánimas e pantasmas". A cuarta edición, sobre as lendas urbanas como unha das actuais expresións de tradición oral, están preparándose na actualidade.

Outro proxecto que comezou no 2007 foron as Polafías que, da man da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG coa coordinación de Antonio Reigosa, tendo como obxectivo recuperar usos de creación musical e literaria de carácter popular, por medio dunha adaptación das antigas xuntanzas tradicionais aos tempos actuais, nos que os recursos técnicos permiten darlle un carácter estábel e con garantía de futuro á creación espontánea dos asistentes, favorecendo o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de internet, para conseguir unha ampla difusión deste patrimonio. A colaboración da Área de Cultura permitiu levar esta iniciativa a Friol, Riotorto, Xermade, San Cibrao, Chantada e a Fonsagrada. En 2011 celebrárase unha polafía no Concello de Cervantes.